



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego e Igualdade

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscrición e publicación do convenio colectivo da empresa Valoriza Servizos Ambientais, S.A. 2020-2026

Logo de constituírse a comisión negociadora do convenio colectivo da empresa “VALORIZA SERVICIOS AMBIENTAIIS, S.A.” 2020-2026, subscríbese con data 29 de decembro de 2020 o texto do convenio colectivo polas partes lexitimadas, e solicítase a súa inscrición e publicación con data 5 de xaneiro de 2021.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE núm. 143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial de Emprego e Igualdade da Coruña é competente para resolver a inscrición do convenio colectivo da empresa “VALORIZA SERVICIOS AMBIENTAIIS, S.A.” 2020-2026 e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 28 do Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 2563, do 17 de decembro de 2020).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscrición do convenio colectivo da empresa “VALORIZA SERVICIOS AMBIENTAIIS, S.A.” 2020-2026 no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A remisión do convenio colectivo da empresa “VALORIZA SERVICIOS AMBIENTAIIS, S.A.” 2020-2026 ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 29 de marzo de 2021.

A xefa territorial de Emprego e Igualdade

Judit Fontela Baró

CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO DA EMPRESA “VALORIZA SERVICIOS AMBIENTAIIS S.A.” PARA O CENTRO DE TRABALLO ADICADO Á ACTIVIDADE DA LIMPEZA PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

ARTIGO PRELIMINAR.-LEXITIMACIÓN DAS PARTES

Este convenio está subscrito pola empresa VALORIZA SERVICIOS AMBIENTAIIS S.A., como empresa adxudicataria do servizo de limpeza viaria do Concello de Arteixo, e a representación legal dos traballadores/ as do devandito centro de traballo.

As partes que o subscriben teñen lexitimación suficiente conforme ás disposicións legais vixentes, para establecer o presente convenio colectivo, obrigándose, por tanto, durante o tempo da súa vixencia.

ARTIGO 1.-ÁMBITO FUNCIONAL.

Son firmantes deste convenio colectivo, dunha parte, a empresa Valoriza Servicios Medioambientales, e da outra a Representación Legal dos Traballadores.

As partes ostentan e recoñécense reciprocamente a representatividade requirida no Título III do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e, polo tanto, con plena lexitimidade para subscribir o este convenio colectivo de carácter estatutario.

ARTIGO 2.-ÁMBITO TERRITORIAL.

O presente convenio colectivo terá ámbito local limitado ao termo municipal de Arteixo e será de aplicación a todos os traballadores do servizo de limpeza viaria deste municipio, regulando as relacións laborais dentro da empresa, obrigando a todos os traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación, calquera que sexa a modalidade do seu contrato e durante todo o tempo da súa vixencia.

ARTIGO 3.-ÁMBITO PERSONAL.

Este convenio colectivo será de aplicación solo ao persoal afecto ao Servizo de Limpeza Viaria do Concello de Arteixo.

ARTIGO 4.-ÁMBITO TEMPORAL.

Este convenio terá unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2026. En todo caso manterá a súa efectividade en todo o seu contido mentes non se negocie por ambas partes un novo convenio.

ARTIGO 5.-PARTES SINATARIAS.

Son partes asinantes do presente convenio colectivo, dunha parte, o delegado de persoal, como representación unitaria das traballadoras e traballadores, e doutra parte, a representación empresarial.

ARTIGO 6.-GARANTÍA "AD PERSONAM".

Con relación ao disposto no artigo 3.1.c) do TRET, dado o carácter de mínimo das condicións convencionais, a empresa respectará todos os dereitos adquiridos que pactados individual o colectivamente, superen ou non se recollan neste convenio.

ARTIGO 7.-VINCULACIÓN Á TOTALIDADE.

O conxunto das cláusulas pactadas neste convenio formará un todo orgánico e indivisible. A efectos da súa aplicación, consideraranse global e conxuntamente, tendo en conta que o texto total do convenio estará constituído polo seu articulado, disposicións, anexos e táboas salariais.

ARTIGO 8.-ABSORCIÓN.

As disposicións legais futuras de obrigado cumprimento que poidan implicar variacións económicas en todos ou algúns dos conceptos retributivos convidados, consideraranse absorbidas polo presente convenio, tendo eficacia práctica se globalmente consideradas superan o nivel total do convenio.

ARTIGO 9.-SALARIOS.

Durante a vixencia deste convenio, os salarios serán os sinalados nas táboas que se achegan. O salario sinalado na táboa salarial para o ano 2020 será de inmediata aplicación a partires do momento da sinatura deste convenio. O correspondente ao ano 2021 será de aplicación a partires do 1 de xaneiro dese ano.

De iniciarse o novo contrato antes de rematar o devandito ano 2021, dende ese mesmo momento, deberán incrementarse nos meses restantes do ano a parte proporcional de todos e cada un dos conceptos salariais ata igualar as cantidades da táboa correspondente a ano 2022.

Tódalas percepcións, agás as de vencemento periódico superior ao mes que se estará ao pactado ou no seu caso á costume, aboaranse mensualmente, por períodos vencidos e ate o día 30 do mes do seu devengo.

ARTIGO 10.-COMPLEMENTOS SALARIAIS DE VENCEMENTO PERIODICO SUPERIOR AO MES.

O número de pagas para todo o persoal será de 15 ao ano distribuídas da seguinte maneira:

- 11 mensualidades na categoría sinalada na táboa salarial anexa incrementada coa antigüidade.
- **Paga de xullo.**-Na contía sinalada na táboa salarial anexa incrementada coa antigüidade.
- **Paga de Nadal.**-Na contía sinalada na táboa salarial anexa incrementada coa antigüidade.
- **Paga de vacacións.**-Por este concepto percibirase o sinalado na táboa salarial anexa incrementado coa antigüidade no período de goce das vacacións anuais do/a traballador/a. Sempre se abonará dous días antes do comezo do seu goce.
- **Paga de beneficios.**-Considérase como tal e na contía establecida na táboa salarial anexa engadindo o complemento de antigüidade. Devindicarase do 1 de xaneiro ao 31 de decembro e o seu abono, que será proporcional aos meses do ano traballado durante o citado período e abonarase o 31 de marzo, aínda que por acordo entre as partes poderá fraccionarse en dúas veces, o 50% en marzo e o 50% en setembro. Esta paga quedará prorrateada ata que non se produza o inicio efectivo da nova contrata de limpeza.

- **Período de pagamento.**–As pagas de xullo e Nadal abonaranse semestralmente e en caso de alta ou cesamento do/a traballador/a durante o período devindicado abonaranse as sextas partes correspondentes aos meses traballados.
- **Paga de xullo.**–Devindicarase do 1 de xaneiro ao 30 de xuño e abonarase na primeira semana de xullo.
- **Paga de Nadal.**–Devindicarase do 1 de xullo ao 31 de decembro e abonarase o 17 de decembro.

ARTIGO 11.–COMPLEMENTOS DE CARÁCTER INDEMNIZATORIO SUPLIDO: PLUS DE TRANSPORTE.

Para todo o persoal da empresa establécese un plus de transporte mensual que se percibirá como compensación dos gastos de desprazamento dentro da localidade, así como dende o domicilio ao centro de traballo, fixándose o seu importe na cantidade que por tal concepto figura no anexo das táboas salariais. Este plus percibirase nas doce mensualidades ordinarias e na paga de vacacións.

ARTIGO 12.–PLUS PENOSO.

Durante a vixencia do convenio, o seu importe será o sinalado nas táboas que se achegan.

ARTIGO 13.–PLUS DE ANTIGÜIDADE.

O persoal afectado por este convenio percibirá un complemento mensual de antigüidade sobre o salario base mensual de todas as pagas (trienios) e cuxo importe será o seguinte:

CATEGORÍA	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026
PEÓN	43,9 €	45,6 €	46,8 €	47,9 €	49,1 €
CONDUTOR	46,3 €	48,2 €	49,4 €	50,6 €	51,9 €
ENCARGADO	50,1 €	52,1 €	53,4 €	54,8 €	56,1 €

O abono do plus de antigüidade producirase no momento no que se inicie a nova contrata de limpeza do Concello de Arteixo, si ben, se terá en conta a partir dese momento o total de trienios que devengara cada traballador ata ese momento sen que se recoñeza ningún atraso por este concepto.

O complemento de antigüidade comezará a devindicarse desde o 1 de xaneiro do ano en que se cumpran os trienios cun máximo de 4 trienios.

ARTIGO 14.–COMPLEMENTO DE INCAPACIDADE TEMPORAL.

A empresa complementará o pago delegado da prestación regulamentaria da seguridade Social nos supostos de incapacidade temporal nos casos de accidente de traballo, intervención cirúrxica, hospitalización e fracturas óseas das extremidades que impidan o desenvolvemento ordinario do traballo durante o primeiro mes de recuperación, de tal xeito que o traballador perciba o 100 por cento das retribucións salariais mensuais que lle correspondan desde o primeiro día de baixa.

ARTIGO 15.–VESTIARIO.

A roupa de traballo será de uso obrigatorio para todo o persoal e a empresa facilitará ao inicio da contrata unha equipación completa de verán e unha equipación completa de inverno, agás naqueles casos nos cales estableza outra periodicidade distinta, o seguinte número de prendas:

Roupa de verán 1 pantalón 2 camisetas 1 par de zapatos 1 chaqueta de verán	Roupa de inverno 1 pantalón 2 camisetas de manga larga 1 par de zapatos (goretex ou similar) 2 xerseis 1 chaqueta de inverno 1 traxe de augas 1 gorro 1 braga polar
● Botas de auga e luvas, segundo as necesidades	

A partires da primeira entrega, a empresa comprométese a cambiar todo aquel equipamento que veña defectuoso ou se deteriore en exceso polo uso, por outro novo, a calquera empregado, previa entrega do elemento inservible. No resto dos casos do persoal contratado non se terá en conta o prazo de entrega, periodicidade e número de prendas que por función profesional, condutor e peón, antes se indica, comprometéndose a empresa en calquera caso a facilitar no momento da incorporación do traballador e dentro dos tipos de prendas de roupa concretada ou similares o número suficiente delas que polo traballo a desenvolver, función profesional, motivo e tempo de contratación se requira a criterio desta.

Na medida en que se deteriores as prendas deberán ser repostas pola empresa.

ARTIGO 16.-COMISIÓN MIXTA PARITARIA.

A Comisión Paritaria de Vixilancia e Interpretación deste convenio estará composta por dous representantes por cada unha das partes asinantes.

Corresponde á Comisión Paritaria:

A interpretación da totalidade do articulado, cláusulas anexas e anexos do convenio.

A vixilancia do cumprimento do pactado.

A facultade de conciliación previa non vinculante aos conflitos colectivos.

A facultade de anexionar ao convenio novos acordos se os houber.

A Comisión reunirse a instancia dunha das partes, previa comunicación da orde do día, e a reunión celebrarase obrigatoriamente dentro das 48 horas seguintes á súa petición, salvo caso excepcional nese caso o prazo será de 72 horas de forma inescusable. Ditas reunións serán pola mañá durante as horas de traballo.

Os acordos da Comisión Paritaria tomaranse por unanimidade das partes e serán recollidos en acta.

Ambas as partes poderán ser asistidas nas reunións por asesores ou xurídicos técnicos.

Todas as discrepancias que puideran xurdir para a non aplicación das condicións de traballo á que se refire o artigo 82.3 do TRET, así como as que puideran producirse no seo da Comisión Paritaria, resolveranse de cordo cos procedementos e prazos de mediación regulados no Acordo sobre Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo (AGA), asemade os do artigo 41 do Estatuto dos Traballadores.

Os representantes dos traballadores/as nesta Comisión, poderán solicitar toda clase de información relacionada coas súas competencias e a dita información non poderá ser denegada. Así mesmo, ambas as partes poderán facer públicas as súas propostas en temas relacionados co traballo e o funcionamento da Comisión Paritaria.

Aos efectos de notificacións o enderezo da Comisión será o mesmo que o da empresa no concello de Arteixo.

ARTIGO 17.-SUBROGACIÓN DEL PERSONAL.

Ao remate da concesión da contrata, no referido á subrogación, estarase ao recollido no capítulo XI do convenio xeral do Sector de saneamento público, limpeza viaria, regas, recollida, tratamento e eliminación de residuos, limpeza e conservación de rede de sumidoiros (BOE do 30/07/2013).

ARTIGO 18.-XORNADA LABORAL.

Para todos os anos de vixencia deste convenio a xornada máxima semanal será de 39 horas semanais de promedio en computo anual; como norma xeral a xornada será continuada e con 30 minutos de bocadillo como tempo efectivo de traballo.

As condicións pactadas neste convenio colectivo referiranse á realización da xornada máxima ordinaria pactadas polo que se aplicarán proporcionalmente en función da xornada que se realice.

O tempo de traballo computarase de xeito que, tanto ao entrar como ao saír o traballador do centro de traballo, o traballador se encontre uniformado e en disposición de realizar a súa labor.

ARTIGO 19.-VACACIÓNS.

Todos os traballadores gozarán dun período vacacional de 30 días naturais. O período vacacional será durante todo o ano. Durante o primeiro trimestre do ano, elaborárase un calendario que recollerá o período de desfrute de cada traballador. En todos os casos o traballador terá que coñecer cun mes de antelación o seu período de desfrute. O traballador percibirá a mesma retribución que a dun mes normal de traballo.

Os traballadores, sempre e cando a organización do servizo o permita, poderán optar polo goce das vacacións por meses naturais ou ben por períodos de 15 días.

Os períodos de goce deberán solicitarse á empresa cun mes de antelación, respondendo a empresa por escrito no prazo dunha semana, non podendo gozar máis de 2 traballadores simultaneamente das vacacións no mesmo período, podendo en consecuencia a empresa denegar o goce nun período determinado cando se exceda este limiar.

No caso de coincidencia de máis de 2 solicitudes na mesma data deberase proceder a un sorteo e en anos sucesivos irán rotando de forma cíclica tomando o sentido xullo-Setembro.

As diferentes quendas de vacacións expoñeranse no taboleiro de anuncios do centro de traballo.

ARTIGO 20.-DESCANSO DOMINICAL E FESTAS.

Considerarase como días de descanso para os traballadores os domingos e festas que non coincidan con estes. Realizándose estes días, de ser o caso, un servizo que será efectuado polo persoal voluntario.

Establécese a cantidade fixada en táboa por cada día traballado para o persoal voluntario a xornada completa que traballe en festivo non domingo

A partires da sinatura do presente convenio, os festivos, no así los domingos, traballados aboaranse cun importe fixo non revisable por este concepto, para todas as categorías, de:

CATEGORIA	ANO 2021	ANO 2022 2026
PEÓN	60 €	80 €
CONDUTOR	65 €	85 €
ENCARGADO	65 €	85 €

As anteriores cantidades solo corresponderán aqueles traballadores con xornada laboral completa de luns a sábado e que prestan servizo, voluntariamente, en festivo.

ARTIGO 21.-CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.

En materia de clasificación profesional, estarase ao disposto no Capítulo V do Convenio Xeral do Sector de Limpeza Pública viaria, Regas, Recollida, Tratamento e Eliminación de Residuos e Limpeza e Conservación de Rede de sumidoiros, así como as aquí pactadas.

En canto a categorías profesionais, existentes, defínense as seguintes:

GRUPO DE MANDOS INTERMEDIOS:

ENCARGADO/A: ten ao seu cargo persoal operario, normalmente sen cualificar, cuxos traballadores/ as dirixe, vixía e ordena. Posúe coñecementos completos dos oficios das actividades e dotes de mando suficientes para manter a debida disciplina e que se obteñan os rendementos previstos.

GRUPO DE OPERARIOS:

- PEÓN/A: traballadores/ as, maiores de dezaioito anos, encargados de executar labores para cuxa realización se require de esforzo físico, sen necesidade de práctica operatoria mínima. De forma esporádica poderá conducir vehículos habilitados para carné B, sempre e cando dispoña do permiso correspondente.
- CONDUTOR/A: en posesión do carné de conducir C, ten os coñecementos necesarios para executar toda clase de reparacións que non requiren elementos de taller. Coidará especialmente de que o vehículo que conduce saia do parque nas debidas condicións de funcionamento.

ARTIGO 22.-CONDUTORES/AS.

No caso de que sexa retirado o carné de conducir a un condutor/a, a empresa asignaralle un traballo onde non sexa necesario o carné de conducir respectándolle a categoría e todos os emolumentos económicos que viñese percibindo durante o tempo de retirade de carné. Este beneficio non terá efecto cando a causa se deba a embriaguez ou toxicomanía.

A empresa, directamente ou a través dun seguro, correrá con todos os gastos, costas, etc, de carácter xudicial, a defensa dos condutores/as así como das indemnizacións a terceiros que puidesen xurdir como consecuencia da realización do traballo dos mesmos salvo nos casos de embriaguez, toxicomanía.

Os/as condutores/as terán o tempo necesario para a tramitación do carné de conducir necesario para o desenvolvemento eficaz do seu traballo ou da súa renovación sen diminución dos seus haberes, entendéndose o tempo empregado como xornada de traballo.

ARTIGO 23.-SEGURO COLECTIVO DE VIDA.

A empresa subscribirá cunha compañía de seguros, unha póliza para todo o persoal afectado polo presente convenio no caso de accidente laboral ou enfermidade profesional como consecuencia da actividade desenvolvida para a empresa, da que derive morte, incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez para calquera actividade laboral, o/a traballador/a ou os seus beneficiarios, herdeiros legais ou persoas que o traballador designe, en todo caso percibirán en concepto de indemnización a cantidade 22.000 €.

No suposto de que neste convenio colectivo ou posteriores, se acordara modificar expresamente o capital garantido pola póliza, o novo capital de indemnización acordado non terá efectos retroactivos e o seu vigo quedaría supeditado a trinta días posteriores á data da sinatura do texto íntegro do novo convenio colectivo.

ARTIGO 24.-HORAS EXTRAORDINARIAS.

De forma habitual non se realizarán horas extraordinarias, e no caso de facelas serán voluntarias.

Soamente se realizarán horas extras en casos excepcionais, como danos extraordinarios urxentes, que serán consideradas como horas extraordinarias estruturais dadas as características do servizo público a realizar pagarase a razón de 12 €/hora.

Si as horas extras coinciden en Domingo se compensará con descanso equivalente.

De cara a reducir a realización de horas extraordinarias e para poder levar a cabo un control efectivo sobre a súa realización, a empresa deberá facilitar á representación dos traballadores con carácter mensual, as horas extraordinarias computándose no resumo os días de realización, nominativamente os traballadores que as realizaron e o número delas de cada traballador, o sistema de habono ou compensación no seu caso, así como a natureza desas horas extraordinarias e a xustificación da necesidade de realizalas.

ARTIGO 25.-FESTIVIDADE PATRONAL.

A festividade de san Martín de Porres o 3 de novembro, considerase non laborable a todos os efectos. No caso de coincidir en festivo ou en domingo, trasladarase ao mércores anterior ou posterior.

ARTIGO 26.-LICENZAS RETRIBUÍDAS.

Todos os traballadores terán dereito ao desfrute de licenzas na forma e condicións seguintes, sen prexuízo do establecido no artigo 37 do ET:

- 16 días por casamento.
- En caso de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento estarase ao disposto no Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, e na demais lexislación vixente.
- 1 día natural por comuñón de fillos e netos.
- 2 días por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando con tal motivo a persoa traballadora necesite facer un desprazamento ao efecto fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo será de 4 días.
- 1 día por traslado de domicilio habitual.
- 1 día hábil por matrimonio de fillos/as, irmáns/ás, pai/nai, tías/os carnais, primos/as carnais, sobriños/as.
- Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público, sempre que non se trate dun cargo ou cometido que implique ausencias frecuentes ou periódicas.
- Polo tempo indispensable para exames e renovación do carné de conducir das clases B, C, D e E de todo o persoal, especialmente para aqueles que o necesiten para a realización do seu traballo na empresa, e do D.N.I.

Para todas as licenzas expostas anteriormente comezarse o goce das mesmas desde o feito causante. Se os feitos ocorresen ao terminar a xornada, dita licenza comezará ao día seguinte. Se os feitos ocorresen durante a xornada de traballo o traballador terá a opción de escoller se a licenza comeza ese mesmo día ou ao día seguinte. Se se escollese o comezo do gozar ao día seguinte o traballador terá a obrigaón de finalizar completamente a súa xornada laboral.

Tódolos permisos referidos a cónxuxes serán extensibles ás parellas de feito, que sexan acreditadas mediante certificado oficial de convivencia.

Coa finalidade de facilitar a relación de parentescos e os graos dos mesmos, con relación ao artigo 37.3 do TRET, inclúese como Anexo a este convenio a táboa dos graos de parentesco.

DÍAS DE ASUNTOS PROPIOS:

Aqueles traballadores con contrato indefinido, ou que cando menos teñan 12 meses de antigüidade ininterrompida na empresa, terán dereito ao goce de 1 día de asuntos propios ao ano. Esta licenza deberá ser solicitada cando menos con 48 horas de antelación e supeditada ás necesidades do traballo. Estes días poderanse solicitar desde o 1 de Xaneiro ao 31 de Decembro de cada ano.

Non poderá coincidir no desfrute deste permiso máis de 2 traballadores na mesma data; de coincidir mais dúas solicitudes deberase proceder a un sorteo.

Recoñécense 2 días adicionais máis non retribuídos que se recoñecerán sempre e cando cumplan os requisitos anteriormente expostos dende a entrada en vigor do presente convenio.

A partir da adxudicación e inicio do novo servizo de limpeza viaria incrementarase 1 día máis de asuntos propios. En 2025 os traballadores terán dereito un día mais de asuntos propios acadando un máximo total de 3 días.

Os días de asuntos propios que non sexan gozados a data 31 de decembro de cada ano, perderanse sen dereito a ningunha compensación.

ARTIGO 27.-GARANTÍAS SINDICAIS.

A representación sindical e a representación unitaria e legal dos traballadores terán as facultades, dereitos e obrigacións sinalados para os mesmos pola Lei Orgánica de Liberdade Sindical, Estatuto dos Traballadores, Convenio Xeral do Sector da Limpeza Pública, e restantes normas concordantes.

En aplicación dos artigos 77 a 81 do ET, os/as traballadores/as teñen dereito a celebrar asembleas fóra do horario de traballo no seu centro de traballo, coa simple notificación previa á empresa. En casos excepcionais, a dirección da empresa, previa petición do Representante dos traballadores poderá autorizar que se realice en horario de traballo.

Para asuntos sindicais de importancia, que requiran asesoramento das centrais sindicais, posibilitarase o acceso aos centros de traballo dun representante sindical non pertencente á empresa, previa notificación e autorización da mesma.

Dispoñibilidade de tempo sindical: Será o establecido por Lei 8/80, do 10 de marzo. Estas horas serán contabilizadas nos seguintes temas: consultas a organismos oficiais, consultas e asesoramentos sindicais e, en xeral, de todas as actividades de interese laboral e sindical dentro e fóra da empresa.

As horas de reunión coa empresa e sobre o convenio irán a cargo da empresa.

O Delegado de persoal terá dereito a informar e ser informados no ámbito da empresa. Haberá de contar cun taboleiro de anuncios diferenciado do que utilice a empresa no centro de traballo.

Coa periodicidade que proceda en cada caso, en aplicación do artigo 64 do ET, terá dereito a coñecer o balance, a conta de resultados, a memoria e, no caso de que a empresa revista a forma de sociedade por accións ou participacións, os demais documentos que se dean a coñecer aos socios, e nas mesmas condicións que a estes.

ARTIGO 28.-VIXIANZA DA SAÚDE.

O empresario garantizará aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo, nos termos previstos no artigo 22 da lei de Prevención de Riscos Laborais.

A información recollida como consecuencia desta vixilancia, tal e como se prevé na Lei, respectará, sempre, o dereito á intimidade e dignidade da persoa do traballador e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.

Aqueles traballadores e grupo de traballadores que polas súas características persoais, polas súas condicións de maior exposición a riscos ou por outras circunstancias teñan maior vulnerabilidade ao mesmo, serán vixiados de xeito particular.

A empresa e os traballadores afectados por este convenio cumprirán as disposicións contidas na normativa vixente sobre seguridade e saúde laboral e, en especial as da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e as súas disposicións de desenvolvemento.

ARTIGO 29.-PERMISOS NON RETRIBUIDOS.

Para o coidado dos fillos e das fillas menores de doce anos ou diminuídos físicos, psíquicos, por razóns de garda legal. Nestes casos poderá concederse unha redución da xornada ordinaria de traballo entre un mínimo de 1/8 e un máximo dun 50% da súa duración, deducindo a parte proporcional dos seus haberes.

A empresa, tendo en conta as necesidades do servizo, autorizará ata quince días non retribuídos ao ano a todos os traballadores que o soliciten por cuestións familiares, sociais e de estudo, etc. Así mesmo en situacións especiais, este prazo poderase ampliar a un máximo de trinta días.

O traballador poderá concertar coa empresa a posibilidade de obter os quince ou trinta días, no seu caso, de permiso non retribuído comprometéndose a recuperar os días de permiso non traballados.

ARTIGO 30.-COMPLEMENTO DE XUBILACIÓN ANTICIPADA.

O traballador que con máis de 10 anos de antigüidade opte pola xubilación anticipada, percibirá da empresa adxudicataria unha indemnización equivalente a unha mensualidade. Todo iso sempre que reúna os requisitos exixidos pola lexislación vixente para ter dereito á pensión de xubilación anticipada.

ARTIGO 31.-EXCEDENCIAS.

A tenor do establecido no Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, os traballadores afectados polo presente convenio colectivo, entre outros supostos, terán o dereito a que lles recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia nas condicións e termos que de seguido se concretan:

Excedencias voluntarias:

Os traballadores/as cun ano de servizo na empresa poderán solicitar a excedencia voluntaria por un prazo non inferior a catro meses nin superior a cinco anos. A petición de excedencia quedará resolta pola empresa e o representantes dos traballadores/as nun prazo máximo de quince días a contar desde a data da solicitude.

As excedencias voluntarias por períodos inferiores a dous anos serán tratadas favorablemente a non ser que supoñan perturbacións técnicas importantes para a empresa.

Se o/a traballador/a non solicita o reingreso cun preaviso dun mes, perderá o dereito do seu posto de traballo na empresa.

As excedencias solicitadas con motivos de coidados de fillos e coidado de familiares, aínda sendo excedencias voluntarias, os seus efectos son de excedencia forzosa, están exentas do preaviso dun mes de antelación, podéndose notificar en calquera momento a reincorporación ao seu posto de traballo antes da terminación da devandita excedencia.

Todo traballador/a que se matricule nun centro oficial para a realización de estudos en centros oficiais terá dereito a reserva da súa praza durante o tempo que duren os estudos, previa xustificación da matrícula e posterior aproveitamento dos estudos realizados tendo en conta para a súa valoración a media da clase á que asiste.

Excedencias forzosas:

Os/as traballadores/as que soliciten a excedencia como consecuencia do nomeamento para o exercicio de cargos públicos ou sindicais, non necesitarán dun ano de antigüidade para solicitala, sendo a súa incorporación inmediata ao cumprirse o mandato, ou antes, pero en todo caso deberá solicitar o seu reingreso dentro do mes seguinte ao cese no cargo público. Esta excedencia dará dereito á conservación do posto e ao cómputo da antigüidade durante a súa vixencia.

ARTIGO 32.-SANCIÓN E DESPIDOS.

As sancións graves e os despedimentos serán postos en coñecemento do representante dos traballadores, expoñendo os motivos e clase de sanción. A empresa estará obrigada a recibir ao delegado de persoal e ao propio interesado/a.

ARTIGO 33.-ASISTENCIA XURÍDICA.

A empresa estará obrigada a prestar a asistencia xurídica adecuada aos seus empregados nos supostos conflitos xurdidos como consecuencia da prestación dos seus servizos, así como cubrir a posible responsabilidade civil que puidese derivarse da actividade dos seus empregados, salvo nos casos de embriaguez, toxicomanía.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS**PRIMEIRA.-LEXISLACIÓN SUPLETORIA.**

En todo o non disposto neste convenio serán normas supletorias as legais de xeral aplicación e no convenio colectivo xeral do sector do saneamento público e limpeza, viaria, regos, recollida, tratamento e eliminación de residuos e limpeza e conservación de sumidoiros, BOE 30 de xullo de 2013, así como nos posteriores que puideran substituír a este.

SEGUNDA

Este convenio forma un todo orgánico indivisible e a efecto da súa aplicación práctica será considerado globalmente en cómputo anual, sen que se aplique unha normativa illada sobre condicións anteriores.

Igualmente, e a tenor do disposto no artigo 84 do TRET, o presente convenio colectivo, durante a súa vixencia e nas materias que nel se regulan, non poderá ser afectado polo disposto noutros convenios.

TERCEIRA.-XÉNERO NEUTRO.

Todas as referencias feitas no texto do convenio aparentemente feitas ao xénero masculino, aos efectos dunha maior simplificación na redacción do texto, sen que supoñan a ignorancia das diferenzas de xénero existentes, enténdense feitas a un xénero neutro, e dicir, tamén afectan ao xénero feminino, agás aqueles casos no que por imperativo legal correspondan á muller traballadora.

CUARTA.-IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES.

As partes afectadas por este convenio, e na aplicación do mesmo, comprométese a promover o principio de igualdade de oportunidades e non discriminación nas condicións laborais por razóns de sexo, estado civil, idade, raza, nacionalidade,

condición social, ideas relixiosas ou políticas, afiliación ou non a un sindicato, así como por razóns de lingua, dentro do Estado español, todo iso de conformidade á lexislación vixente e en especial á do ámbito autonómico de Galicia

Este compromiso conleva remover os obstáculos que poidan incidir no non cumprimento da igualdade de condicións entre mulleres e homes, así como poñer en marcha medidas de acción positiva ou outras necesarias para corrixir posibles situacións de discriminación, entre outras, as políticas de contratación, emprego, igualdade de oportunidades e categorías profesionais.

ANEXO

TÁBOAS SALARIAIS LIMPEZA VIARIA CONCELLO DE ARTEIXO

Táboas Salariais Provisionais 2020. Acórdase que, tras a firma do convenio, e como tarde xunto co seguinte recibo salarial a percibir polo traballador tras a firma do novo convenio colectivo, comezaranse a aplicar as seguintes táboas salariais, as cales adquiren a condición de táboas salariais provisionais 2021.

TÁBOA SALARIAL ANO 2020 LV ARTEIXO								
CATEGORÍAS	S. B.	TRANSPORTE	PENOSO	VACACIÓNS	VERÁN	NADAL	BENEFICIOS	TOTAL ANUAL PRAZA
PEÓN	820	86,5	164	1.070,50	546,67	546,67	546,67	14.486,01
CONDUTOR	866	86,5	173,2	1.125,70	577,33	577,33	577,33	15.240,39
ENCARGADO	937	86,5	187,4	1.210,90	624,67	624,67	624,67	16.404,81

TÁBOA SALARIAL ANO 2021 LV ARTEIXO								
CATEGORÍAS	S. B.	TRANSPORTE	PENOSO	VACACIÓNS	VERÁN	NADAL	BENEFICIOS	TOTAL ANUAL PRAZA
PEÓN	820	86,5	164	1.070,50	546,67	546,67	546,67	14.486,01
CONDUTOR	866	86,5	173,2	1.125,70	577,33	577,33	577,33	15.240,39
ENCARGADO	937	86,5	187,4	1.210,90	624,67	624,67	624,67	16.404,81

TÁBOA SALARIAL ANO 2022 LV ARTEIXO								
CATEGORÍAS	S. B.	TRANSPORTE	PENOSO	VACACIÓNS	VERÁN	NADAL	BENEFICIOS	TOTAL ANUAL PRAZA
PEÓN	877,40	95,15	175,48	1.148,03	877,40	877,40	877,40	16.408,56
CONDUTOR	926,62	95,15	185,32	1.207,09	926,62	926,62	926,62	17.264,99
ENCARGADO	1.002,59	95,15	200,52	1.298,26	1.002,59	1.002,59	1.002,59	18.586,87
	*11	*11	*11	*1	*1	*1	*1	

TÁBOA SALARIAL ANO 2023 LV ARTEIXO								
CATEGORÍAS	S. B.	TRANSPORTE	PENOSO	VACACIÓNS	VERÁN	NADAL	BENEFICIOS	TOTAL ANUAL PRAZA
PEÓN	912,50	104,67	182,50	1.199,66	912,50	912,50	912,50	17.133,41
CONDUTOR	963,68	104,67	192,74	1.261,09	963,68	963,68	963,68	18.024,10
ENCARGADO	1.042,69	104,67	208,54	1.355,90	1.042,69	1.042,69	1.042,69	19.398,85

TÁBOA SALARIAL ANO 2024 LV ARTEIXO								
CATEGORÍAS	S. B.	TRANSPORTE	PENOSO	VACACIÓNS	VERÁN	NADAL	BENEFICIOS	TOTAL ANUAL PRAZA
PEÓN	935,31	107,28	187,06	1.229,65	935,31	935,31	935,31	17.561,75
CONDUTOR	987,78	107,28	197,56	1.292,61	987,78	987,78	987,78	18.474,70
ENCARGADO	1.068,76	107,28	213,75	1.389,79	1.068,76	1.068,76	1.068,76	19.883,82


TÁBOA SALARIAL ANO 2025 LV ARTEIXO								
CATEGORÍAS	S. B.	TRANSPORTE	PENOSO	VACACIÓNS	VERÁN	NADAL	BENEFICIOS	TOTAL ANUAL PRAZA
PEÓN	958,69	109,96	191,74	1.260,39	958,69	958,69	958,69	18.000,79
CONDUTOR	1.012,47	109,96	202,49	1.324,93	1.012,47	1.012,47	1.012,47	18.936,57
ENCARGADO	1.095,48	109,96	219,10	1.424,54	1.095,48	1.095,48	1.095,48	20.380,92

TÁBOA SALARIAL ANO 2026 LV ARTEIXO								
CATEGORÍAS	S. B.	TRANSPORTE	PENOSO	VACACIÓNS	VERÁN	NADAL	BENEFICIOS	TOTAL ANUAL PRAZA
PEÓN	982,66	112,71	196,53	1.291,90	982,66	982,66	982,66	18.450,81
CONDUTOR	1.037,78	112,71	207,56	1.358,05	1.037,78	1.037,78	1.037,78	19.409,98
ENCARGADO	1.122,87	112,71	224,57	1.460,15	1.122,87	1.122,87	1.122,87	20.890,44

As táboas salariais previstas neste convenio colectivo aplicaranse sen efectos retroactivos desde o momento no que se faga efectivo o inicio da nova contrata de limpeza viaria do Concello de Arteixo, aplicándose ata ese momento as táboas salariais provisionais 2020, as cales resultaron de aplicación tras a firma do presente convenio. Polo tanto, a partir de que se produza o inicio efectivo da nova contrata de limpeza viaria do Concello de Arteixo e unicamente a partir de ese momento

aplicaranse sen efectos retroactivos as táboas salariais correspondentes ao exercicio no que se produza o momento no tempo correspondente ao inicio da nova contrata antes citada.

ANEXO: GRAOS DE CONSANGUINIDADE/AFINIDADE



Arteixo, 23 de decembro de 2020.

Asdo.: Pola empresa

Asdo.: Pola representación dos traballadores

Carlos Javier Bermúdez Pérez

DNI 32798365C

2021/2573